

Retribucións, atrasos, complementos→

Os expedientes de complementos non se incluíron ata o de agora na correspondente reunión de Función pública e, recentemente, esta (FP) dirixiuse ao ministerio para solicitar unha nova memoria, detallada posto por posto, da proposta de asignación do complemento JP4.

Redactaranse esas novas memorias e remitiranse a Función pública.

Produtividade →

Sepe→ infórmanos o organismo que xa son públicas as cantidades para percibir nesta nómina incluído o adianto do remanente.

Desde CIG solicitamos coñecer o importe total do remanente e indícanos que aínda está sen pechar, pero que informarán.

Inspección→ infórmanos o organismo que ten pendente unha reunión para pechar os grupos de repartición e os importes da produtividade adicional extraordinaria. Previsiblemente celebrarase a reunión o catro de novembro, esperemos que lles dea tempo de incluír os importes para que sexan cobrados na nómina de novembro.

Desde CIG lembramos o compromiso de que o persoal laboral percibe en decembro un 30% máis de produtividade por obxectivos que o persoal funcionario, froito do acordo de subida de específicos a este persoal incluíndo ese mesma porcentaxe da produtividade por obxectivos no complemento específico. Respóndenos o organismo que non teñen noticia de que non se fará así.

Xubilación parcial →

Publicada a convocatoria adicional de prazas para este fin o 23 de setembro.

As prazas agrupásense por especialidades convocando un mesmo departamento todas as dunha especialidade independentemente do destino de cada praza.

Doutra banda, como era de esperar, aínda non saben como se xestionasen as xubilacións parciais unha vez finalizado o proceso.